

ABALAR FAMILIAS

Na mañá do venres 13 celebraremos o Entroido no cole. Para esta conmemoración serán as familias do alumnado de 5º de infantil e de 3º e 4º de primaria, as encargadas de aportar as viandas para a degustación de todo o alumnado.

En vista das previsións meteorolóxicas cambiaremos o lucido desfile pola contorna, por un desfile no pavillón do colexio ao que como familias estades invitadas e que se celebrará en dúas quendas.

Para optimizar o desenvolvemento e facilitar o desfrute de toda a comunidade educativa, agradecemos que se respecten a organización e as normas seguintes:

- Ás 9:45 horas, abriranse as portas do pavillón para que accedan as familias ata completar o aforo das gradas.
- O alumnado chegará ao pavillón sobre as 10:00 horas, desfilará por niveis e irán formando un círculo para compartir e ver o disface dos outros niveis.
- Unha vez rematado o desfile de todos os grupos, o alumnado permanecerá na pista e daremos aviso ás familias para que comecen a saír de forma ordenada e deixar paso ás seguintes.
- Sobre as 11:00 horas, darase entrada á segunda quenda de familias ata completar aforo nas gradas.
- O alumnado desfilará desfacendo o círculo e abandonará o pavillón para poder desfrutar das viandas típicas desta festa.
- Por último as familias irán saíndo ordenadamente do pavillón.

Na disposición de todos está que poidamos desfrutar deste momento. Familias, alumnado e profesorado esforzáronse estas pasadas semanas para que os disfraces estiveran listos. Agradecemos a súa implicación, así como a aportación dos doces que o alumnado desfrutará ao remate do desfile.

Reiteramos o agradecemento ás familias e solicitamos que:

- Respecten o tempo do desfile e a organización deste.
- Eviten dinámicas que poidan interromper o seu desenvolvemento e que poidan influír no ánimo do alumnado, fundamentalmente do de menor idade.
- Recordamos a existencia dunha normativa sobre protección de datos e protección á infancia, pola que estamos **obrigados** a respectar a imaxe dos menores e **evitar** a súa difusión. As imaxes captadas só poderán ter un uso interno familiar, en ningún caso poderán ser compartidas nin publicadas en redes sociais (Whatsapp, telegram, instagram, tik tok, facebook, ...).

Agardecidos,

A dirección